

<b>Comunidade Autónoma / Departamento / Estado</b>	GALICIA
<b>Municipio</b>	ARTEIXO
<b>Edificio</b>	Igrexa de Santaia de Chamín
<b>Dirección</b>	raúa di igrexario. 15144
	43.293481 -8.566084
<b>Protección</b>	
<b>Descrición</b>	<p>Igrexa románica do século XII que consta dunha nave cuberta con falso teito de madeira e unha ábsida rectangular abovedada cun arco triunfal que a une ca nave e unha sancristía no lado norte. Este arco triunfal que da acceso á ábsida está sostida sobre dúas columnas cos seus correspondentes capiteis vexetais. A nave ten unhas dimensións interiores de 11`30 x 5`75 metros e a capela maior 4`60 x 3`45 metros. O coro é de moderna construción ós pés da nave e o chan esta composto de boas lousas de pedra. No exterior ollamos dúas sinxelas portadas laterais alinteladas en cada lateral da nave, conservando tamén os canzorriños e as seteiras, cunha clara diferenza de fabrica nos muros laterais, de mampostería e os testeiros da fachada, a cabeceira e toda a estrutura da ábsida construída en sillería. Na parte do testeiro ollamos unha xanela cegada pola instalación do retablo da capela maior e que está formada por un arco de medio punto volteado que descansa sobre dúas columniñas con capiteis vexetais.</p> <p>Na última gran remodelación da primeira metade do século XX, foi un pouco desacertada en algunhas zonas desta fermosa igrexa como na súa portada principal cuxas arquivoltas e dimensións foron remodelados de forma torpe, reconstruíndoas coas dovelas misturadas que respondían as arquivoltas de, unha con dentes de serra e outra con arquiños sobre baqueta. Tampouco encaixan en altura as columnas da portada coas xambas.</p> <p>A súa fachada foi toda remodelada tendo unha forma pentagonal e no seu eixo vertical central e de abaixo arriba presenta a portada principal seguido por un van de luz rectangular e rompendo o vértice do pentágono, unha espadana dun só corpo formado por un arco de medio punto que descansa sobre machóns que serven para aloxa-la campá. A espadana está rematada en forma triangular flanqueado por dous pináculos piramidais con bóla e no vértice do cume un acroterio cunha cruz de pedra.</p> <p>A principios de século XX a igrexa aínda conservaba a fachada orixinal que constaba desta mesma portada seguido por un van de luz formado por unha seteira e unha espadana elevada sobre o costado dereito do muro. Esta espadana moi sinxela era dun só corpo cun arco de medio punto sobre dous piares con moldura que sostiñan dúas campás.</p>
<b>Campás</b>	1 campá.
<b>Fotos</b>	4
<b>Toques actuais de campás</b>	
<b>Conservación, mantemento</b>	
<b>Propostas</b>	
<b>Autors da documentación</b>	TROIANO CARRIL, Xosé / CAMPÁS E RELOXOS MONUMENTAIS DE GALICIA

**Data**

11-12-2020

## Campás actuais

Localización	Campá	Fundidor	Ano de fundición	Diámetro (en cm)	Peso
Espadana	<a href="#">Única</a>	<a href="#">QUINTANA, CAMPANAS</a>	1989	45	53

Información completa: [Igrexa de Santaia de Chamín - ARTEIXO \(GALICIA\)](#)

PDF (24-05-2026)